



Expediente: 1937/2024

Contrato: C24/10 Iluminación ornamental: Festas patronais do Cristo (Lote 1) e Festas de Nadal (Lote 2)

Asunto: INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), dispón no seu artigo 30.3 que *a prestación de servizos realizarase normalmente pola propia Administración polos seus propios medios. Con todo, cando careza de medios suficientes, previa a debida xustificación no expediente, poderase contratar de conformidade co establecido no Capítulo V do Título II do Libro II.*

Na mesma liña, o artigo 116.4 establece respecto dos contratos de servizos, a obriga de incorporar ao expediente o informe no que se xustifique adecuadamente a insuficiencia de medios. En cumprimento do citado artigo, emítese o seguinte

INFORME

A instalación da iluminación ornamental require realizar traballos para a súa posta en funcionamento, mantemento durante a instalación e posterior desmonte e retirada dos materiais e elementos que non deben quedar colocados unha vez finalizado o tempo de funcionamento.

Estes traballos comprenden a tramitación e legalización das instalacións nos organismos competentes, o transporte dos materiais, almacenamento provisional, carga, descarga e montaxe completa dos materiais necesarios, vixilancia, mantemento, conservación e reposición do material avariado, e desmonte e retirada de materiais, unha vez finalizado o período de funcionamento.

Actualmente dentro do persoal integrante á brigada municipal existen dous oficiais de 1ª electricista e un peón electricista, dedicados o mantemento e reparacións de iluminación pública e en edificios municipais. As tarefas derivadas das devanditas reparacións ocupan completamente a xornada laboral destes traballadores, ampliándose en ocasións debido a avarías, danos... por distintas causas.

Por tanto, ao carecer de medios humanos e técnicos propios para realizar as distintas prestacións que compoñen o obxecto do contrato, é necesario acudir á contratación externa do servizo cunha entidade especializada neste ramo de actividade, sendo esta fórmula de realización da prestación obxecto do contrato a máis adecuada, ao proporcionar unha solución ás necesidades expostas no parágrafo anterior.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

